# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
**Sesión do 25 de febreiro de 2009**

| **ASISTENTES:** | **NON ASISTE:** |
|---|---|
| **Membros :** | |
| | |
| D. Abel Caballero Álvarez | |
| Dª Isaura Abelairas Rodríguez | |
| D. Francisco Xabier Alonso Pérez | |
| D. Xulio Calviño Rodríguez | |
| D. Santiago Domínguez Olveira | |
| D. Carlos López Font | |
| Dª Elena Maure Noia | |
| Dª Mª Xosé Méndez Piñeiro | |
| D. Santos Héctor Rodríguez Díaz | |
| D. José Manuel Mariño Mendoza | |
| | |
| **Invitados:** | |
| | |
| Dª Raquel Díaz Vázquez | Dª Laura López Atrio |
| Dª María Jesús Lago Rey | |
| D. Angel Rivas González | |
| D. Xesús López Carreira | |
| Dª Iolanda Veloso Ríos | |

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e doce minutos do día vintecinco de febreiro do dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1 (184).- PRÓRROGA DO SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA 010. EXPTE. 1629/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina administrativa de Contratación, do 16.02.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, de data 26 de febreiro de 2007, acordou adxudicar a Arcal Grupo Norte S.L. os servizos de atención telefónica do Concello de Vigo a través do teléfono 010 por un importe anual de 133.852,46 €/ano.*
*Con data de 16 de xuño de 2008 a Xunta de Goberno Local, acordou autoriza-la cesión, a Outsourcing Singo Servicios Integrales Grupo Norte S.L., do contrato dos servizos de atención telefónica, esta cesión do contrato foi formalizada mediante escritura pública outorgada ante o notario de Valladolid D. Francisco Fernández-Prida Migoya o día 11-08-2008 co número 1960 do seu protocolo*

*Na cláusula 2.3 do prego de cláusulas administrativas fixase o prazo de execución do contrato que será o establecido no apartado 7.1.2 da FEC ("duración do contrato: dous anos") e que o mesmo poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 7.3 da FEC: "prórroga do contrato: Si. 7.3.1. En caso afirmativo duración: dous anos".*

*A xefa do Servizo de Participación e Atención Cidadá xa que os servizos de atención telefónica a través do teléfono 010 se realizan conforme o disposto no prego de condicións técnicas, en canto a persoal, horarios de atención, actualización da axenda diaria e de toda aquela información de carácter externo ao Concello, validación da información segundo a data de caducidade que consta na base de datos, comprobación daqueles datos suxeridos como incorrectos pola cidadanía, recollida de queixas e suxestións e entrega periódica ao responsable municipal do servizo das estatísticas realizadas. propón a prorroga do contrato.*

*A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

*Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 01-03-2009 ó 28-02-2010 do contrato para a prestación dos servizos de atención telefónica do Concello de Vigo a través do teléfono 010 do que é actual contratista Outsourcing Singo Servicios Integrales Grupo Norte S.L.*

*O importe da prorroga será de 139.741,96 euros, sen perxuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 4631 227.06.00 de acordo coa seguinte distribución: 116.451,60 euros no ano 2009 e 23.290,36 euros no ano 2010.*

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**2(185) APROBACIÓN DE PREGOS E PROXECTO DE HUMANIZACIÓN RÚA SANJURJO BADÍA. FASE 2 (PEDRO ALVARADO- BUENOS AIRES). EXPTE. 57620/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 20.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 30.01.09, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Humanización da rúa Sanjurjo Badía. Fase 2 ( entre P. Alvarado e Buenos Aires ) ”, segundo o proxecto redactado pola enxeñería Alberto Moreno, S.L., con un importe base de licitación de : Importe total base de licitación con IVE: 822.800 €

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado con publicidade, sen límite de contratistas, e trámite de urxencia das obras dos proxectos indicados no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de Humanización da rúa Sanjurjo Badía. Fase 2 ( entre P. Alvarado e Buenos Aires ) con cargo a partida orzamentaria e importe seguinte :

Importe total con IVE: 822.800 €
Prezo sin IVE = 709.310,35 €
IVE soportado pola administración = 113.489,65 €
Partida orzamentaria : 5110.611.0009

4º.- Abri-lo procedemento de negociación con publicidade, sen límite de contratistas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

**3(186).- APROBACIÓN DE PREGOS E PROXECTO DE HUMANIZACIÓN AVENIDA ALCALDE PORTANET. FASE 1. EXPTE. 57619/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 20.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 30.01.09, conformado pola concelleira de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Humanización da Avda. Alcalde Portanet. Fase 1 ”, segundo o proxecto redactado por GALAICONTROL, S.L. con un importe base de licitación de : Importe total base de licitación con IVE: 485.714,29 €.

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado con publicidade, sen límite de contratistas, e trámite de urxencia das obras dos proxectos indicados no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de Humanización da Avda. Alcalde Portanet. Fase 1 con cargo a partida orzamentaria e importe seguinte :

Importe total con IVE: 485.714,29 €
Prezo sin IVE = 418.719,22 €

IVE soportado pola administración = 66.995,07 €
Partida orzamentaria : 5110.611.0008

4º.- Abri-lo procedemento de negociación con publicidade, sen límite de contratistas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**4(187) APROBACIÓN DE PREGOS E PROXECTO DE HUMANIZACIÓN ZONA POVISA. FASE 2 (RÚAS REGUEIRO E TARRAGONA). EXPTE. 57615/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 20.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 30.01.09, conformado pola concelleira de dita Área , a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de Humanización da Zona de Povisa. Fase 2 . Rúas Regueiro e Tarragona, segundo o proxecto redactado por PETTRA ( Plans Estratéxicos Territoriais e Medioambientais ), con un importe total base de licitación de 1.236.507,14 €

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento aberto e trámite de urxencia das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras indicadas con cargo a partida orzamentaria e importes seguintes :
Importe total con IVE: 1.236.507,14 €
Prezo sin IVE = 1.065.954,43 €
I€VE soportado pola administración = 170.552,71 €
Partida orzamentaria : 5110.611.0004

4º.- Abri-lo procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**5(188) APROBACIÓN DE PREGOS E PROXECTO DE HUMANIZACIÓN BARRIO BOUZAS. RÚA PAULINO FREIRE. EXPTE. 57623/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 20.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 30.01.09, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Humanización do Bº de Bouzas. Rúa Paulino Freire ”, segundo o proxecto redactado por GALAICONTROL, S.L. con un importe base de licitación de : Importe total base de licitación con IVE: 425.170 €

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado con publicidade, sen límite de contratistas, e trámite ordinario das obras dos proxectos indicados no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de Humanización do Bº de Bouzas. Rúa Paulino Freire, con cargo a partida orzamentaria e importe seguinte :
Importe total con IVE: 425.170 €
Prezo sin IVE = 366.525,86 €
IVE soportado pola administración = 58.644,14 €
Partida orzamentaria : 5110.611.0016

4º.- Abri-lo procedemento de negociacióncon publicidade, sen límite de contratistas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**6(189) APROBACIÓN DE PREGOS E PROXECTO DE HUMANIZACIÓN ENTORNO CASABLANCA. FASE 1. RÚA SIMÓN BOLÍVAR (ENTRE VENEZUELA E PRAZA ELÍPTICA). EXPTE. 57622/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 20.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 30.01.09, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Humanización do entorno Casablanca . Fase 1 .Rúa Simón Bolívar ( entre Venezuela e Prza. Elíptica ) ”, segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños D. Alberto Moreno Pike, con un importe base de licitación de :
Importe total base de licitación con IVE: 579.928,29 €

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado con publicidade, sen límite de contratistas, e trámite de urxencia das obras dos proxectos indicados no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras “ Humanización do entorno Casablanca . Fase 1 .Rúa Simón Bolívar ( entre Venezuela e Prza. Elíptica ) ” con cargo a partida orzamentaria e importe seguinte :
Importe total con IVE: 579.928,29 €
Prezo sin IVE = 499.938,18 €
IVE soportado pola administración = 79.990,11 €
Partida orzamentaria : 5110.611.0012

4º.- Abri-lo procedemento de negociación, sen límite de contratistas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**7(190) APROBACIÓN DE PREGOS E PROXECTO DE HUMANIZACIÓN RÚA EXTREMADURA. EXPTE. 57616/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 20.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 30.01.09, conformado pola concelleira de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Humanización do entorno do Calvario. Fase 2 . R. Extremadura ” redactado por GALAICONTROL, S.L. con un importe base de licitación de con IVE de : 231.200 €.

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sen pulicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de Humanización do entorno do Calvario. Fase 2 . R. Extremadura con cargo a partida orzamentaria e importe seguintes :

Importe total con IVE: 231.200 €
Prezo sin IVE = 199.310,34 €
IVE soportado pola administración = 31.889,66 €
Partida orzamentaria : 5110.611.0005

4º.- Abri-lo procedemento de negociación sin publicidade, invitando alomenos a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**8(191) APROBACIÓN DE PREGOS E PROXECTO DE HUMANIZACIÓN ENTORNO CALVARIO. FASE 2. RÚA CRISTO. EXPTE. 57617/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 20.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 30.01.09, conformado pola concelleira de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Humanización do entorno do Calvario. Fase 2. Rúa Cristo ”, segundo o proxecto redactado por GALAICONTROL, S.L. con un importe base de licitación de : Importe total base de licitación con IVE: 767.040 €

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemen-

to negociado con publicidade, sen límite de contratistas, e trámite de urxencia das obras dos proxectos indicados no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de Humanización do entorno do Calvario. Fase 2. Rúa Cristo, con cargo a partida orzamentaria e importe seguinte :
Importe total con IVE: 767.040 €
Prezo sin IVE = 661.241,38 €
IVE soportado pola administración = 105.798,62 €
Partida orzamentaria : 5110.611.0005

4º.- Abri-lo procedemento de negociación sin publicidade, sen límite de contratistas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**9(192) APROBACIÓN DE PREGOS E PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA DE VIGO. FASE 4. (NUMANCIA E URZÁIZ). EXPTE. 57614/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 19.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 30.01.09, conformado pola concelleira de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de Humanización da Trvsa. De Vigo . Fase 4 ( entre Numancia e Urzáiz ) , segundo o proxecto redactado por PETTRA ( Plans Estratéxicos Territoriais e Medioambientais ), con un importe total base de licitación de 2.006.805,31 €

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento aberto e trámite de urxencia das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras indicadas con cargo a partida orzamentaria e importes seguintes :
Importe total con IVE: 2.006.805,31 €
Prezo sin IVE = 1.730.004,58 €
I€VE soportado pola administración = 276.800,73 €
Partida orzamentaria : 5110.611.0001

4º.- Abri-lo procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**10(193) APROBACIÓN DE PREGOS E PROXECTO DE HUMANIZACIÓN COIA. FASE 1. RÚA VILLAGARCÍA DE AROSA. EXPTE. 57621/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 20.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área

de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 30.01.09, conformado pola concelleira de dita Área , a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Humanización de Coia. Fase 1. Rúa Villagarcía de Arousa ”, segundo o proxecto redactado por PETTRA ( Plans Estratéxicos Territoriais e Medioambientais) con un importe base de licitación de : Importe total base de licitación con IVE: 839.401,71 €

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado con publicidade, sen límite de contratistas, e trámite de urxencia das obras dos proxectos indicados no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de Humanización de Coia. Fase 1 . Rúa Villagarcía de Arousa con cargo a partida orzamentaria e importe seguintes :
Importe total con IVE: 839.401,71 €
Prezo sin IVE = 723.622,16 €
IVE soportado pola administración = 115.779,55 €
Partida orzamentaria : 5110.611.0010

4º.- Abri-lo procedemento de negociación con publicidade, sen límite de contratistas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

**11(194) APROBACIÓN DE PREGOS E PROXECTO DE HUMANIZACIÓN BALAÍDOS. FASE 2. RÚA EUGENIO KRAFF. FASE 2. EXPTE. 57618/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 20.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 30.01.09, conformado pola concelleira de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Humanización do entorno de Balaídos. Fase 2. Rúa Eugenio Kraff. Fase 2 ”, segundo o proxecto redactado por TICCO, Ingeniería, S.L. con un importe base de licitación de : Importe total base de licitación con IVE: 389.081,43 €.

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado con publicidade, sen límite de contratistas, e trámite ordinario das obras dos proxectos indicados no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de Humanización do entorno de Balaídos. Fase 2. Rúa Eugenio Kraff. Fase 2, con cargo a partida orzamentaria e importe seguinte :
Importe total con IVE: 389.081,43 €
Prezo sin IVE = 354.415,03 €

IVE soportado pola administración = 53.666,40 €
Partida orzamentaria : 5110.611.0007.

4º.- Abri-lo procedemento de negociacióncon publicidade, sen límite de contratistas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**12(195) APROBACIÓN DE PREGOS E PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO PARROQUIA CANDEÁN. EXPTE. 52/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 19.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 30.01.09, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de Ampliación da rede de Saneamento da parroquia de Candeán redactado por ESINPRO, S.L. con un importe base de licitación de : Importe total base de licitación con IVE: 457.102,80 €.

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado con publicidade, sen límite de contratistas, e trámite ordinario, das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de Ampliación da rede de Saneamento da parroquia de Candeáncon cargo a partida orzamentaria e importe seguinte :
Importe total con IVE: 457.102,80 €
Prezo sin IVE = 394.054,14 €
IVE soportado pola administración = 63.048,66 €
Partida orzamentaria : 4410.601.0000

4º.- Abri-lo procedemento de negociación con publicidade, sen límite de contratistas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**13(196) APROBACIÓN DE PREGOS E PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO PARROQUIA VALADARES. EXPTE. 53/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 19.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 30.01.09, conformado pola concelleira de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Ampliación da rede de Saneamento da parroquia de Valadares ” redactado redactado por ESINPRO, S.L. con un importe base de licitación de con IVE de : 86.082,17 €

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sen pulicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de Ampliación da rede de Saneamento da parroquia de Valadares con cargo a partida orzamentaria e importe seguintes :
Importe total con IVE: 86.082,17 €
Prezo sin IVE = 74.208,77 €
IVE soportado pola administración = 11.873,40 €
Partida orzamentaria : 4410.601.0002

4º.- Abri-lo procedemento de negociación sin publicidade, invitando alomenos a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**14(197) APROBACIÓN DE PREGOS E PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA REDE SANEAMENTO NA PARROQUIA CORUXO. EXPTE. 54/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 19.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 30.01.09, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de “ Ampliación da rede de Saneamento da parroquia de Coruxo ” redactado redactado por ESINPRO, S.L. con un importe base de licitación de con IVE de : 133.248,91 €.

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sen pulicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de Ampliación da rede de Saneamento da parroquia de Coruxo con cargo a partida orzamentaria e importe seguintes :
Importe total con IVE: 133.248,91 €
Prezo sin IVE = 114.869,75 €
IVE soportado pola administración = 18.379,16 €
Partida orzamentaria : 4410.601.0004

4º.- Abri-lo procedemento de negociación sin publicidade, invitando alomenos a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**15(198) APROBACIÓN DE PREGOS E PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO BOMBEO AO CASAL-SAMPAIO. EXPTE. 55/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 19.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 30.01.09, conformado pola concelleira de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para a execución das obras de " Ampliación do bombeo de Casal – Sampaio" redactado redactado por ESINPRO, S.L. con un importe base de licitación de con IVE de : 85.899,54 €.

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servicios Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sen pulicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de " Ampliación do bombeo de Casal – Sampaio" con cargo a partida orzamentaria e importe seguintes :
Importe total con IVE: 85.899,54 €
Prezo sin IVE = 74.051,33 €
IVE soportado pola administración = 11.848,21 €
Partida orzamentaria : 4410.601.0006

4º.- Abri-lo procedemento de negociación sin publicidade, invitando alomenos a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**16(199) ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO DA RÚA FAUSTINO ÁLVAREZ. EXPTE. 63/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 23.02.09, conformada pola xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Construcciones Eiriña, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de para a humanización da rúa Faustino Alvarez ( expte 63-440) por un prezo total de 173.514,76 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 4, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 14 persoas das que 12 terán presencia permanente na obra.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescripcións técnicas ao 4 %

Aportar 4 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presencia permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 17.535,70 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 19-01-2009 e a oferta presentada.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.